

AUDITORIO  
PAZO DE  
CONGRESOS  
*Mar de Vigo*

**MEMORIA  
ANUAL 2022**

**FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU**



# ÍNDICE


1.- PRESENTACIÓN .....	3
1.1.- ORGANIGRAMA:.....	6
1.1.1.-PATRÓNS DA FUNDACIÓN VCB 2022 .....	6
1.1.2.- SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2022 .....	7
2.- EXECUCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2022 .....	8
2.1.- PROMOCIÓN DO AEROPORTO DE VIGO .....	9
2.1.1.- COLABORACIÓN CON COMPAÑÍAS AÉREAS .....	10
2.1.2.- ACCIÓNS .....	10
2.1.2.1- ESTUDO DE MERCADO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO VIGO .....	10
2.1.2.2- INFORME ESTATÍSTICO AEROPORTO .....	10
2.1.2.3- REDES SOCIAIS.....	11
2.1.2.4- ASISTENCIA Á I XORNADA DE CONECTIVIDADE AÉREA TURESPAÑA Y AENA .....	11
2.1.2.5- PREVISIÓN VOOS.....	11
2.2.- COORDINACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, APOIO E CAPTACIÓN DE EVENTOS .....	12
2.2.1.- CANDIDATURAS E ASESORAMENTOS 2022 .....	13
2.2.2.- LISTADO DE FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS EN VIGO 2022.....	19
2.2.3.- ASISTENCIA A FEIRAS E EVENTOS.....	22
2.3.- ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE GUÍAS E INFORMES .....	24
2.3.1.- DIXITALIZACIÓN CATALOGO DE ESPAZOS DE CONGRESOS DE VIGO .....	24
2.3.2.- DIXITALIZACIÓN GUÍA DE INCENTIVOS PARA CONGRESOS E CONGRESISTAS .....	24
2.3.3.- INFORMES ESTATÍSTICOS TURISMO .....	25
2.3.4.- ENQUISAS SECTOR TURÍSTICO .....	25
2.4.- FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN VCB.....	26
2.4.1- PÁXINAS WEB DA FUNDACIÓN .....	26
2.4.1.1.- WEB DA FUNDACIÓN .....	26
2.4.1.2.- WEB DA VIGO FILM OFFICE .....	27
2.4.2.- REDES SOCIAIS.....	28
2.4.3. - LISTAS DE DISTRIBUCIÓN PARA PROCESOS DE COMUNICACIÓN .....	29
2.4.4.- ELABORACIÓN CLIPPING DE PRENSA .....	29
2.5.- COLABORACIÓNS E XESTIÓN DE PROXECTOS .....	30
2.5.1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ILLAS CÍES .....	30
2.5.2 - RENOVACIÓN CERTIFICADO SICTED .....	31

## 1.- PRESENTACIÓN

A Fundación Vigo Convention Bureau en diante VCB, ten entre as súas funcións o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos para a cidade de Vigo<sup>1</sup>.

O turismo MICE en España experimentou un crecemento significativo en 2022. A industria MICE atópase nun momento de recuperación e innovación, e o 2022 foi o ano da volta das reunións e eventos presenciais. As tendencias que marcan a evolución do turismo MICE inclúen a confianza do sector, a recuperación do turismo nacional e a innovación.

O Barómetro do SCB<sup>2</sup> confirma a tendencia de recuperación do sector MICE español en 2022, cun aumento da porcentaxe de ocupación de espazos.



Os datos compilados pola SCB ao longo de ano pasado demostran que se produciu un considerable incremento da ocupación dos espazos de reunións, sendo destacable que durante o cuarto trimestre máis do 60% dos



destinos indicaron ter unha ocupación de entre o 76% e o 100%.

Na mesma liña, as estimacións para 2023 amosan un comportamento moi positivo. Prevese que a metade dos espazos de reunións teñan unha ocupación superior ao 75% de media anual.

O 2022 manifestouse como un ano de recuperación apoiándose no fin dos protocolos sanitarios, a volta aos eventos presenciais, e o aumento do prezo dos servizos ligados ao aloxamento e transporte. Con todo, esta recuperación centrouse na segunda metade do ano, tendencia que se espera continúe en 2023 marcada pola influencia de condicionantes como a inflación e a incerteza económica, a crise enerxética ou a seguridade internacional no contexto da guerra de Ucraína.

A VCB, no seu plan estratéxico, reflicte a necesidade de desenvolver de xeito conxunto a oferta de actividades de promoción e a creación de produtos específicos para os congresos e eventos, co obxecto de facer de Vigo unha cidade emblemática como destino tanto congresual

<sup>1</sup> Artigo 4 dos estatutos da Fundación.

<sup>2</sup> SCB Siglas de Spain Convention Bureau

como turístico. De igual xeito, tal e como reflicten os obxectivos fundacionais<sup>3</sup>, a

Fundación leva a cabo, as actividades dirixidas a:

- Crear e consolidar unha conciencia pública - tanto oficial como privada - en relación coa transcendencia económica do turismo.
- Promover a creación e mellora estrutural dos bens e servizos conexas con estas actividades.
- Representar no plano nacional e internacional á cidade de Vigo así como a todos os membros do Padroado, podendo realizar convenios de cooperación ou colaboración con entidades do sector, público ou privado, que contribúan ao desenvolvemento dos seus fins.
- Coordinar con autoridades, organizacións e entidades de fomento do turismo as accións de promoción necesarias.
- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.

A VCB actualmente é o referente na execución do marketing de destino Vigo, informando de forma profesional sobre todos os servizos especializados para congresos, convencións, viaxes de incentivo e eventos en xeral, sendo responsable ademais da

confección de todo o material promocional do turismo MICE.

A Fundación exerce igualmente as funcións de oficina de rodaxes a través da marca marca Vigo Film Office (VFO), departamento da VCB dedicado á promoción de Vigo como espazo de rodaxe tanto para películas ou documentais como para calquera outro produto audiovisual como os anuncios ou clips musicais.



Entre os servizos que a Vigo Film Office presta están:

- Asesoramento a produtoras e empresas interesadas en rodar en Vigo na elección de localizacións e de provedores de servizos.
- Tramitación gratuíta das solicitudes de rodaxe en vías públicas e espazos municipais.
- Apoio nas solicitudes de rodaxes en espazos públicos, incluíndo praias, parques e xardíns, monumentos e edificios históricos.
- Xestión da ocupación de espazos nas calzadas e zonas de peóns destinados á colocación de materiais técnicos.
- Reserva de espazo de aparcamento e permisos de circulación, xestión de cortes de tráfico ou calquera outro

<sup>3</sup> Artigo 5 dos estatutos da Fundación.

trámite necesario en coordinación  
coas autoridades municipais  
competentes.




Un hombre de acción (2022)



Live is life (2022)

## 1.1.- ORGANIGRAMA:

A Fundación VCB, posúe unha estrutura departamental, apoiada por un equipo multidisciplinar construído baixo o seguinte esquema, que lle permite abordar e dar resposta aos obxectivos e accións establecidas no Plan de Traballo da Fundación.



ORGANIGRAMA FUNDACIÓN VCB

A Fundación VCB contou en 2022 cunha estrutura de persoal formada por 4 persoas que desenvolveron as accións descritas nesta memoria.

### 1.1.1.-PATRÓNS DA FUNDACIÓN VCB 2022



### 1.1.2.- SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2022



O ano rematou con **25 socios** adheridos á Fundación. En 2021 produciuse a baixa de **6 socios**.

BAIXAS 2022	
NOMBRE	SECTOR
<b>Autos González</b>	Transporte
<b>Spica S.L.</b>	Audiovisual
<b>Viajes Bives Tour S.A.</b>	Viajes
<b>APIT</b>	Eventos
<b>Nuria Cerbera Chefs</b>	Catering
<b>Rectoral de Cobres</b>	Eventos

## 2.- EXECUCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2022

Na liña do apuntado polo Plan de Actuación 2022 e aprobado no Padroado celebrado en data 27 de decembro de 2021, a VCB desenvolverá ao longo deste ano o seu traballo de acordo cos seguintes eixos:

- Coordinación coas entidades públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Seguimento da actividade MICE da cidade.
- Asistencia a feiras, congresos e xornadas profesionais do sector.
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do Aeroporto de Vigo e da cidade como destino, ademais da elaboración de informes estatísticos.
- Organización de viaxes de familiarización có destino.
- Traslado ás novas instalacións.
- Elaboración de materiais de difusión e promoción da cidade como destino MICE.
- Elaboración de dossieres de apoio ás candidaturas.
- Elaboración de Informes estatísticos do Turismo.
- Elaboración de memorias xustificativas e informes sobre o sector.
- Apoio e asesoramento aos socios da Fundación VCB.
- Compilación de datos estadísticos relativos a visitantes, pasaxeiros, e ocupación hoteleira de xeito mensual.
- Tramitación de permisos de rodaxe a través da Vigo Film Office.
- Execución de mesas de traballo cos socios da VCB, para apoialos e asesoralos.
- Actualización da guía de espazos e incentivos.
- Xestión das RRSS e das webs da VCB e da VFO.
- Colaboración na candidatura das Illas Cíes a Patrimonio da Humanidade da Unesco.



## 2.1.- PROMOCIÓN DO AEROPORTO DE VIGO

Dende 2012 a Fundación ten encomendadas por parte do Concello de Vigo as funcións de desenvolvemento de iniciativas relacionadas coa potenciación do Aeroporto de Vigo. Este ano a VCB estableceu dúas liñas de traballo: por unha parte, o desenvolvemento de relacións e colaboracións con compañías aéreas e, por outra, a elaboración de materiais e ferramentas que permitan a promoción da

terminal viguesa, ademais de mellorar o posicionamento e coñecemento de Vigo como destino.

A promoción do destino nas areoliñas é outra das nosas prioridades. Durante o ano contactouse coas compañías aéreas que poderían ter interese no concurso aéreo da ruta a Londres que se licitou no último trimestre do ano.



Peinador pechou 2022 cunha caída do **-5,79%** sobre 2019 ano pre-pandemia, en concreto contabilizáronse **953.261 pasaxeiros** e **13.760 operacións**.

### RESUMO 2022

	TOTAL	% SOBRE 2019	% SOBRE 2021
PASAXEIROS	953.261 pax.	-5,79%	+73,61%

	TOTAL	% SOBRE 2019	% SOBRE 2021
OPERACIÓNS	13.760 op.	+19,40%	+49,71%

	TOTAL	% SOBRE 2019	% SOBRE 2021
MERCADORÍAS	689.694 kg.	+27,42%	-14,43%

### 2.1.1.- COLABORACIÓN CON COMPAÑÍAS AÉREAS

Durante o ano 2022 mantivéronse contactos con distintas compañías aéreas e coa propia dirección do aeroporto, co obxecto de participar en accións de promoción do aeroporto, e para o estudo de novas rutas de interese. A xestión de contidos nas RRSS, o concurso aéreo 2022, o intercambios de material gráfico e de información de voos foron os principais puntos de colaboración no 2022.




### 2.1.2.- ACCIÓNS

Ao longo do ano executáronse as seguintes accións sobre o aeroporto de Vigo.

#### 2.1.2.1- ESTUDO DE MERCADO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO VIGO

En 2022 o Concello de Vigo solicitou á VCB á elaboración dun *ESTUDO DE MERCADO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO VIGO VINCULADA A RUTAS AEREAS CON CIDADES EUROPEAS* para o período 2022-2025 o cal foi desenvolto incluíndo información estatística, perfil de visitante e fichas técnicas daqueles mercados con maior capacidade de atracción de visitantes e rutas aéreas con maior potencial para o destino Vigo.



#### 2.1.2.2- INFORME ESTATÍSTICO AEROPORTO

Mensualmente elaborouse o Informe Estatístico do aeroporto de Vigo e dos aeroportos galegos. Este informe remítese ao Concello para que dispoñan dos últimos datos da evolución do aeroporto para a toma de decisións e establecer controis de seguimento.

#### AEROPORTO DE VIGO DECEMBRO 2022



OPERACIÓNS

1.091  
(+37,23%)



PASAXEIROS/AS

86.380  
(+27,50%)



MERCANCÍAS (Kg)

70.696  
(+47,29%)

• AS PORCENTAXES CÁLCULANSE SOBRE O ANO 2019



**2.1.2.3- REDES SOCIAIS**

Durante todo o ano mantívose a promoción do aeroporto nas redes sociais, a través da conta en Facebook e Twitter @FlytoVigo. Publicáronse múltiples entradas para informar do día a día do aeroporto así como para manter a súa promoción e difusión, xa que ambas contas convertéronse en referentes da información sobre o aeroporto de Vigo.



**2.1.2.4- ASISTENCIA Á I XORNADA DE CONECTIVIDADE AÉREA TURESPAÑA Y AENA**

Participación na Xornada Profesional que reuniu en Valencia en xullo a responsables e representantes de liñas aéreas, aeroportos, destinos y administracións turísticas para analizar los retos e oportunidades do sector.

A edición de 2022, contou coa participación da Asociación de Aerolíneas (ALA) e a Asociación Internacional de Transporte Aéreo (IATA). Tamén participaron nove compañías aéreas: Iberia, Air Nostrum, United Airlines, Ryanair, Vueling, Eurowings, Wizzair, Jet2 e TUI, que participaron nos grupos de traballo.



Os destinos Valencia e Málaga-Costa do Sol explicaron os seus casos de éxito e os seus métodos de traballo para atraer novos visitantes

**2.1.2.5- PREVISIÓN VOOS**

Mes a mes se actualizaron as previsións de voos, frecuencias e horarios do Aeroporto de Vigo. Esta información permitiu coñecer o estado da conectividade aérea da cidade en todo momento. As redes sociais foron as escollidas en maior medida para informar dos continuos cambios nos voos.




DESTINOS AEROPUERTO DE VIGO 2023				
PENÍNSULA				
DESTINO	COMPAGNÍA	FECHA DE INICIO	FECHA DE FIN	DÍAS
BARCELONA	RYANAIR	01/12/2023	25/03/2023	M-S
	VUELING	26/03/2023	26/10/2023	M-X-S-D
BILBAO	AIR NOSTRUM	ANUAL - NO OPERA EN AGOSTO		L-W-D
MADRID	IBERIA	ANUAL		L-M-X-J-V-S-D
	ABI EUROPA	ANUAL		L-M-X-J-V-S-D
SANTANDER	AIR NOSTRUM	22/07/2023	02/09/2023	M-S
ISLAS				
DESTINO	COMPAGNÍA	FECHA DE INICIO	FECHA DE FIN	DÍAS
GRAN CANARIA	BINTER	ANUAL	26/03/2023	L-X-V-D
	AIR NOSTRUM	26/03/2023	29/10/2023	M-X-V-D
	AIR NOSTRUM	01/07/2023	21/07/2023	V-D
	AIR NOSTRUM	22/07/2023	01/09/2023	M-J-W
IBIZA	AIR NOSTRUM	23/07/2023	03/09/2023	M-D
LANZAROTE	AIR NOSTRUM	16/07/2023	10/09/2023	X-D
MENORCA	AIR NOSTRUM	16/07/2023	10/09/2023	J-D
PALMA DE MALLORCA	AIR NOSTRUM	27/03/2023	19/07/2023	L-X-S
	AIR NOSTRUM	21/07/2023	09/09/2023	L-M-X-J-V-S-D
	BINTER	19/09/2023	26/10/2023	L-S
TENERIFE NORTE	BINTER	ANUAL	26/03/2023	M-J-S
	IBERIA EXPRESS	27/03/2023	29/10/2023	L-S
	IBERIA EXPRESS	16/06/2023	04/09/2023	L-V
INTERNACIONALES				
LONDRES (STN)	RYANAIR	26/03/2023	ANUAL	M-J-S

## 2.2.- COORDINACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, APOIO E CAPTACIÓN DE EVENTOS

A Fundación Vigo Convention Bureau centra as súas accións de apoio nun conxunto de estratexias e tácticas deseñadas para garantir o éxito e a difusión de todo evento MICE a desenvolver na cidade. Estes eventos poden variar desde congresos, reunións de negocios, feiras comerciais, exposicións, convencións, conferencias e incentivos, entre outros.




O primeiro paso da captación implica a identificación e o achegamento aos potenciais prescitores, organizacións, asociacións e agrupacións industriais entre outros co potencial ou a necesidade da realización de eventos na cidade.

Os traballos da Fundación implican a recompilación, procesamento e difusión de información relevante para o evento, incluíndo o lugar, a data, o horario, o programa, os relatores, os participantes e outros detalles relevantes. Os medios para usar pola Fundación no apartado da difusión organízanse contorna aos medios dixitais como redes sociais, correo electrónico e o seu sitio web.

Unha vez confirmado a realización do evento, a Fundación céntrase na provisión de servizos e recursos necesarios para garantir que o evento sexa un éxito. Isto inclúe o transporte, a seguridade, a loxística, o aloxamento e a manutención dos participantes.



Por outra parte, no pasado ano mantivéronse as solicitudes de información de localizacións e outros servizos para gravacións audiovisuais na cidade de Vigo, recibidas pola Vigo Film Office as cales contaron coa coordinación interinstitucional da Fundación e o apoio técnico na xestión dos diferentes permisos e consecución de provedores (catering, espazos, impresións, etc)



### 2.2.1.- CANDIDATURAS E ASESORAMENTOS 2022

Ao longo do ano 2022 a Fundación VCB, froito da situación vivida, non elaborou ningunha candidatura pero si asesorou a distintos eventos para a súa celebración na cidade de Vigo:

#### ASESORAMENTOS DENDE A FUNDACIÓN:

<b>LISTAXE DE COLABORACIÓNS EVENTOS 2022</b>	
	<p><b>VIII Congreso Bianual de la SESBE (Sociedad Española de Biología Evolutiva)</b></p> <p>2 – 4 febreiro</p>
	<p><b>Diabetes Network / Lab. Boehringer – Lilly</b></p> <p>10 marzo</p>
	<p><b>XII Congreso Nacional SEOII (Sociedad Española de Odontología Infantil Integrada)</b></p> <p>10 – 12 marzo</p>
	<p><b>XLV Reunión Anual de la Asociación Galega de Hematología e Hemoterapia</b></p> <p>25 – 26 marzo</p>
	<p><b>XVI Congreso UPSJ</b></p> <p>4 – 6 maio</p>
	<p><b>XVI Jornadas Españolas de Ingeniería de Costas y Puertos</b></p> <p>11 – 12 maio</p>

	<p><b>4th International Symposium on Lipid Oxidation and Antioxidants</b></p> <p>23 – 25 maio</p>
	<p><b>Navalia</b></p> <p>24 – 26 maio</p>
	<p><b>XXXII Congreso Nacional SEMES (Sociedad Española de Medicina de Urgencias y Emergencias)</b></p> <p>8 – 10 xuño</p>
	<p><b>Feria Vegana</b></p> <p>1 – 3 xullo</p>
	<p><b>Jornadas cadena Barceló Hotels &amp; Resorts</b></p> <p>14 xullo</p>
	<p><b>Congreso ESPA2022 – 12 Congress on electronic structure principles and applications</b></p> <p>21 – 24 xullo</p>
	<p><b>Erasmus de emprendedoras europeas - Zona Franca</b></p> <p>Setembro - novembro</p>
	<p><b>Zona Franca – THE BREAK</b> Grupo emprendedoras Europeas</p>
	<p><b>II Foro local para la agenda urbana – FEMP</b></p> <p>24 outubro</p>

**LISTAXE DE COLABORACIÓN EVENTOS 2023 E CANDIDATURAS**

	<p><b>Congreso Sociedad Española de Contracepción</b></p>
	<p><b>38 Jornadas Nacionales de Enfermería en Traumatología</b></p>
	<p><b>Congreso EUNIS – UVIGO</b></p>
	<p><b>Congreso CIDE – Asociación de Distribuidores de Energía Eléctrica</b></p>
	<p><b>Congreso EUNIS – UVIGO</b></p>
	<p><b>Curso de cirugía mínimamente invasiva hepato – bilio pancreática</b></p>

**ASESORAMENTOS DENDE A VIGOFILM OFFICE**

**LISTAXE DE COLABORACIÓN DESDE A VIGO FILM OFFICE**




**Laura e Cecilia (FICBUEU)**

Xestión permisos de rodaxe



**Dronix**

Xestión permisos de rodaxe con Dron



**Mi cabeza me hace trampas**

Xestión colaboración do Concello na produción



**Fundación IgualArte – Videoclip Antonio Orozco**

Xestión permisos de rodaxe



**Non o chames amor – programa TVG**

Xestión permisos de rodaxe



**Spot publicitario – QR Play**

Xestión permisos de rodaxe



**Alicia fai cousas**

Xestión permisos de rodaxe



**A unidade compose da desorde**

Xestión permisos de rodaxe



**Rodaxe con Dron**

Xestión permisos de rodaxe



**Rodaxe spot publicitario para R – fibra MAX**

Xestión permisos de rodaxe



**Rodaxe spot publicitario para Correos Market**

Xestión permisos rodaxe



**Rodaxe spot publicitario Estrella Galicia**

Xestión permisos rodaxe



**Traballos realizados por freelance:**

- El Conserje de Ivan Sienes Folgar
- My Land de Untitled



**Produtora El Cañonazo – Demetrio Bilvbatúa**

Xestión permisos de rodaxe



**A Sombra Produccións**

Xestión permisos de rodaxe

Xestión de permisos para a rodaxe dos alumnos do IES Audiovisual de Vigo.



- Curtametraxe – Irmao
- Documental – Algas negras
- Fashion Film – Galleria
- Curtametraxe/documental – Angeles Alvariño
- Documental – Alfageme
- Curtametraxe – Óperas
- Documental – 11 millóns
- Videoclip – Heridas
- Curtametraxe – De pies a Cintura
- Curtametraxe – De pías a cintura
- Sesión fotográfica – Fairy Core
- Documental – Mar de redes
- Curtametraxe – La Ratonera
- Documental – Estragos del Lienzo
- Documental – Deprisión
- Curtametraxe – Morriña
- Documental – Mar de redes
- Curtametraxe – El falso sambenito

## 2.2.2.- LISTADO DE FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS EN VIGO 2022

<b>EVENTOS 2022</b>			
<b>MES</b>	<b>DÍAS</b>	<b>EVENTO</b>	<b>LUGAR DE CELEBRACIÓN</b>
Xaneiro	20 - 23	Feria Vinokilo	Afundación
Febreiro	2 - 4	VIII Congreso de Biología Evolutiva - SESBE (VIII Meeting of the Spanish Society for Evolutionary Biology )	Afundación
Febreiro	7 - 10	III Simposio Semana de la innovación en Medicina Cardiovascular	Hospital Álvaro Cunqueiro
Febreiro	19 - 20	Salón Retro Galicia (Exposición coches y motos clásicas)	IFEVI
Febreiro	24 - 25	IV Simposio Nacional de Oncología	Afundación
Marzo	10 - 12	XII Congreso Nacional SEOII (Sociedad Española de Odontología Infantil	Afundación
Marzo	20 - 27	Vigo Open 2022 - World Padel Tour	IFEVI
Marzo	25 - 26	XLV Reunión Anual de la Asociación Galega de Hematoloxía e Hemoterapia	Afundación
Marzo Abril	31 - 1	Congreso Start Congres Galicia	Zona Franca
Abril	7	APDAY SEMFYC - Sociedad Medicina de Familia y Comunitaria	Palacio de Congresos
Abril	10	Vig Bay	Vigo e arredores
Abril	19 - 21	Foro Fundamental	Palacio de Congresos
Abril	22	Jornadas Asime	Palacio de Congresos
Abril	22 - 23	Simposio Esclerosis Multiple	Hotel NH
Abril	22 - 23	III Foro Internacional en Enfermedades Inmunomediadas	Afundación
Abril	28	Esfera CSIC Norte en Vigo. Retos para una explotación sostenible de la pesca	Cámara de Comercio
Abril Maio	27 - 1	Salón del automóvil y bicicleta	IFEVI
Abril	29	I Xornada de innovación tecnolóxica do sector da industria naval	Marco
Abril Maio	29 - 1	Vigo Porté	Palacio de Congresos
Maio	4 - 6	XVI Congreso UPSJ	Marco
Maio	5 - 8	Motorocasión	IFEVI
Maio	11 - 12	XVI Jornadas Españolas de Ingeniería de Costas y Puertos	Palacio de Congresos
Maio	12 - 14	III Congreso Internacional de Bandas de Música	Conservatorio superior de Música
Maio	20	II Foro Industrial de Fondos Europeos de Recuperación	Palacio de Congresos
Maio	20 - 21	XXXI Congreso de la Sociedad Gallega de Urología	Hospital Álvaro Cunqueiro
Maio	21	Xornada ICARCTG - Asociación Galega de Matronas	Palacio de Congresos
Maio	23 - 25	4Th International Symposium on Lipid Oxidation and Antioxidants	Marco
Maio	23 - 25	XVII jornadas de presidentes de los Tribunales Superiores de Justicia de	Hotel Hesperia
Maio	24 - 26	Navalia	IFEVI
Maio	25	XXVIII Seminario de Logística	UVIGO
Maio	26	Congreso Interfish - Pescado, Fuente de alimentación saludable.	Afundación
Maio	31	Congreso nacional de prácticos del Puerto de Vigo	Palacio de Congresos

Xuño	3 - 4	III Congreso Nacional de Higienistas Bucodentales	Afundación
Xuño	4	IX Encuentro de veteranos UGT Galicia	Palacio de Congresos Mar de Vigo
Xuño	8 - 10	XXXII Congreso Nacional de Médicos de Urgencias y Emergencias (SEMES)	Palacio de Congresos Mar de Vigo
Xuño	13 - 17	II CITHAL 2022 - II International Congress on Thalasso: health and wellness	Salón actos facultad Ciencias del Mar
Xuño	15 - 16	II Edición Salón E-Atlántico Ecommerce	Palacio de Congresos
Xuño	16 - 17	I Jornadas de la Comisión de Defensa de los Derechos e Intereses	Afundación
Xuño	21 - 24	XII Congreso de Estructura Electrónica y sus principales aplicaciones	Afundación
Xuño	25	Convención Generali	Palacio de
Xullo	1 - 3	II Feria Vegana y Sostenible de Galicia	IFEVI
Xullo	4 - 5	I Edición The Thinking Institute	Uvigo
Xullo	6 - 7	IX Conferencia Internacional ARVI sobre el Futuro de la Pesca	ARVI - Puerto de Vigo
Xullo	7 - 10	Festival Vigo SeaFest	As Avenidas
Xullo	11	4ª edición del Taller Internacional de Puertos Azules	Autoridad Portuaria
Xullo	18 - 22	20th Biennial Conference of the International Institute of Fisheries Economics and Trade (IIFET)	Palacio de Congresos
Xullo	23 - 30	Campeonato del Mundo VAURIEN	Ría de Vigo
Xullo	27 - 29	20th International Conference on Renewable Energy and Power Quality	UVIGO
Xullo	28 - 29	IV Encuentro Anual del Centro de Investigaciones Biomédicas de Vigo	UVIGO
Agosto	12 - 14	MARISQUIÑO	Vigo
Agosto	20 - 28	XXV Torneo Internacional de Tenis femenino Ciudad de Vigo	Complejo deportivo de Samil
Setembro	1-3	PULPOCON22	Afundación
Setembro	2-4	GALI EXPO MOTORSHOW	IFEVI
Setembro	16-17	V Congreso SGH	Afundación
Setembro	16 - 17	VI Foro de Educación Faro de Vigo	Palacio de Congresos
Setembro	20 - 22	Simposium 'Urban Solutions'	Circulo Empresarios
Setembro	29	Foro empresa sostenible	Museo do Mar
Setembro	29	VI Foro Internacional Vivir Más Vivir Mejor	Afundación
Setembro	29 - 30	XXXVI Seminario Gallego de Estudios Tributarios	Circulo Empresarios
Set/Out	29 - 1	XII Simposio de Artritis Reumatoide	Palacio de Congresos Mar de
Set/Out	29 -1	Campeonato de España por parejas de Dominó	Hotel Bahía de Vigo
Outubro	1 - 3	Congreso FAO Conxemar	Afundación
Outubro	4 - 6	CONXEMAR	IFEVI
Outubro	10 - 11	XVI edición de las Jornadas de Procesado de Materiales con Tecnología Laser	AIMEN
Outubro	13 - 14	Xornadas Xurisprudencia e Reforma Laboral e de Seguridade Social	UVGIO
Outubro	20	Experiencias Grow-Up	Zona Franca
Outubro	20 - 21	XXI ongreso de la Sociedad Española de diagnóstico por imagen del abdomen	Afundación
Outubro	21 - 22	SOPEGA - 72 Congreso da Sociedade de Pediatría de Galicia	Hospital Álvaro Cunqueiro
Outubro	25 - 27	I Encuentro Internacional Mujeres de la Escena en Igualdad	Casa das Artes
Outubro	26 - 27	XXXI Cngreso del grupo SERCA	Hotel Pazo los Escudos
Outubro	27 - 28	II Edición New Space España 2022	Afundación

Novembro	4	II Xornada: A muller na profesión de Enxeñaría de Minas, Enerxía e Materiais	Escola de Enxeñaría de Minas
Novembro	8	VI Congreso de Empresarias de Galicia	Afundación
Novembro	14 – 18	Congreso Internacional JAI 2022 (VIII Jornadas sobre Tecnologías y soluciones para la Automatización Industrial)	Escuela de Ingeniería Industrial
Novembro	18 – 19	II Congreso Asociación Gallega contra el Cancer	Palacio de Congresos
Novembro	19	Jornadas GaliciaTB "Las nuevas caras del turismo, innovación y tendencias"	Afundación
Novembro	22	Impulsando tu negocio	Hotel NH Collection
Novembro	23	6º Congreso Prevención y Seguridad Industrial 4.0	Círculo de Empresarios
Novembro	24 – 25	XXXIII Reunión del grupo de trabajo de enfermedades infecciosas y SEPSIS de	Afundación
Novembro	26	XIX Xornadas AFAGA – “Alzheimer, un reto compartido”	Fundación Barrié
Decembro	2	Jornada "La Responsabilidad Social Empresarial como estrategia de	Zona Franca
Decembro	19	Xornada “Conectados 5G: conectividade intelixente, camiñando cara o futuro”	Palacio de Congresos Mar de Vigo

O número total de eventos, feiras e congresos desenvolvidos na cidade de Vigo en 2022 foi de **83**.

### 2.2.3.- ASISTENCIA A FEIRAS E EVENTOS

Neste período a VCB asistiu a:

LISTAXE ASISTENCIA A FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS 2022	
	<p><b>FITUR 2022</b> Madrid 19 – 23 xaneiro</p>
	<p><b>Jornada de Inbound Marketing para destinos MICE</b> Madrid 28 abril</p>
	<p><b>Reunión Convention Bureau y Cluster de Galicia</b> 29 abril Santiago de Compostela</p>
	<p><b>Spain Film Commission – Shooting in Spain Focus on USA</b> 11 maio Sevilla</p>
	<p><b>Encontro Luso Galaico de Festivais Audiovisuais</b> Pontevedra 17 xuño</p>
	<p><b>Foro de Turismo - SEGITTUR</b> Vigo 22 xuño</p>
	<p><b>I Xornada de conectividade aérea Turespaña-Aena</b> Valencia 6 xullo</p>
	<p><b>Xornada Turismo de Cruzeiros Porto de Vigo</b> Vigo 8 setembro</p>



**Curso de formación Spain Film Commission**

*Pontevedra 13 – 14 setembro*



**Asamblea Spain Film Commission**

*San Sebastián 20 – 21 setembro*



**EVENTO DE LA VFO**

**SHOOTING LOCATIONS MARKETPLACE**

*20 – 21 Valladolid*

## 2.3.- ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE GUÍAS E INFORMES


A Fundación é un actor fundamental no desenvolvemento da imaxe de Vigo como destino e así, no marco de actuacións no ano 2022, leváronse a cabo as seguintes accións:

### 2.3.1.- DIXITALIZACIÓN CATALOGO DE ESPAZOS DE CONGRESOS DE VIGO

En 2022 cargouse toda a guía de espazo na web da Fundación como un paso máis cara a dixitalización dos contidos, a vez actualizouse e ampliouse a listaxe dos espazos disponibles na cidade de Vigo. Con esta dixitalizaciónponse a disposición de todas as entidades interesadas, socios e empresas organizadoras de congresos, o catálogo de espazos que dispon a Cidade de Vigo.

Os espazos mantiveronse articuláronse nas 3 categorías definidas na guía:

- Espazos principais
- Espazos en hoteis
- Espazos singulares.



### 2.3.2.- DIXITALIZACIÓN GUÍA DE INCENTIVOS PARA CONGRESOS E CONGRESISTAS

De igual forma co Catalogo de espazos procedeuse á dixitalización dos Incentivos da cidade, recurso moi solicitado e que desde maneira abrese a consultad por as entidades interesadas. O mantemento mellorase e axilizase o que garantirá un mellor servizo dende a Fundación.

Os espazos distribuíronse nas seguintes categorías:


- Urbanos
- Natureza
- Náuticos
- Gastronomía e Enoloxía
- Cultura



### 2.3.3.- INFORMES ESTADÍSTICOS TURISMO

Por solicitude da Concellería de Turismo do Concello, mensualmente elabórase unha memoria estatística para analizar o estado e as cifras do turismo na cidade. Para a realización da memoria utilízanse as seguintes fontes:

- Datos mensuais do INE.
- Datos estatísticos mensuais do CRV.
- Datos recollidos nos hoteis da cidade.
- Portos do estado.



OCUPACIÓN			
	Grado de ocupación por plazas	Grado de ocupación por plazas en fin de semana	Grado de ocupación por habitaciones
Vigo	48,63%	59,21%	59,54%

ESTANCIA	
	Estancia Media
Vigo	1,87

PERSONAL	
	Personal empleado
Vigo	571 personas



### 2.3.4.- ENQUISAS SECTOR TURÍSTICO

Durante o ano 2022 mantiveronse as enquisas mensuais por mail para facer o seguimento do sector, co obxectivo de establecer liñas de actuación. As enquisas remítense na primeira semana do mes, analízanse e remítense os resultados ao sector. O logo do ano activáronse recollidas específicas de datos aproveitando o período estival, a celebración de eventos na cidade, ademais de pontes e festivos.



**INFORME MENSUAL OCUPACIÓN HOTELERA EN VIGO**

1. NOMBRE DEL HOTEL: HOTEL PAGO LOS ESTADOS

2. MES DE LOS DATOS FACILITADOS: OCTUBRE

3. PROCEDENCIA Y MEDIO DE TRANSPORTE POR EL QUE HAN LLEGADO A VIGO:

SEÑALA:

- Número de personas visitadas: 182

- Medio de transporte utilizado para el desplazamiento:  Coche  Tren  Avión  Barco

SEÑALA DE CUANTOS:

- Número de personas alojadas: 482

- Medio de transporte utilizado para el desplazamiento:  Coche  Tren  Avión  Barco

CUANTOS DE NACIONALIDAD:

- Procedencia y número de personas:

Portugal 22  Italia 5  Otros 27

Reino 69  Alemania

Francia  EE.UU.

- Medio de transporte utilizado para el desplazamiento:  Coche  Tren  Avión  Barco

4. ESTANCIA MEDIA DE NOCHES EN EL HOTEL: 1,23

5. GRADO DE OCUPACIÓN (%) EN 10/10:

Muchas gracias por su colaboración.

## 2.4.- FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN VCB

Durante todo o ano mantívose o proceso de actualización das páxinas web. A difusión e promoción das accións da VCB debe seguir un proceso ordenado nos seus contidos, tempos e formas, así como utilizar os mellores medios de información ao seu alcance.

A VCB usa as seguintes canles e medios a nivel dixital.

- Páxinas web
- Redes sociais
- Listas de distribución
- Clipping
- Publicacións



### 2.4.1- PÁXINAS WEB DA FUNDACIÓN

A Fundación ten en activo os seguintes espazos web:

- [www.vigocb.org](http://www.vigocb.org)
- [www.vigofilmoffice.es](http://www.vigofilmoffice.es)




#### 2.4.1.1.- WEB DA FUNDACIÓN

Continuamos coa actualización e modernización das ferramentas comunicativas online da Fundación mediante a creación de novas áreas na páxina web, o cal permite incorporar novos contidos e materiais dirixidos aos profesionais da organización de eventos e congresos.

Na área privada, dirixida aos membros da Fundación, procedeuse á actualización de contidos para consulta de información corporativa, convocatorias e documentación de interese.

Na web publicáronse ademais noticias de elaboración propia de interese para o sector.



### 2.4.1.2.- WEB DA VIGO FILM OFFICE

A páxina web da Vigo Film Office informou durante todo o ano sobre os distintos proxectos filmados na cidade.

A web é unha ferramenta necesaria para mostrar o traballo que leva a cabo o departamento e serve ademais como plataforma para interactuar co sector audiovisual e ofrecer a información necesaria no referente a rodaxes.



A carga de contidos foi continua ao longo de 2022, especialmente no referente a :

- Filmografía completa da cidade de Vigo (longametraxes, curtas, documentais, videoclips, etc..).
- Localizacións de rodaxe na cidade.

No último trimestre de 2022 creuse unha plataforma dentro da propia web de vifofilmoffice para poder executar o concurso de Microcortos Vigoen90segundos, nesta primeira edición a tematica escollida para o concurso foi a Navidade en Vigo. A plataforma desenvolvida permite a carga automatizada de todos os vídeos presentados, e a súa publicación e categorización segundo as bases do consurso, o que permitiu e facilitou a súa execución do concurso.



## Participación

El Concurso Online de Microcortometrajes "Historias de la Navidad de Vigo en 90 segundos" está dirigido a realizadores o aficionados de todas las edades, residentes o no en Vigo.

Nota importante: Los menores de edad son bienvenidos a participar siempre que los trabajos sean presentados por un tutor.

## 2.4.2.- REDES SOCIAIS

Actualización diaria de contidos nas redes sociais nas que a Fundación está presente, Facebook, Twitter, Instagram, LinkedIn e Youtube, compartindo tanto material propio como doutras contas que consideramos interesantes para os nosos seguidores.

### LISTAXE REDES SOCIAIS FUNDACIÓN VCB

REDE	SEGUIDORES
<a href="https://es-es.facebook.com/VigoConventionBureau">https://es-es.facebook.com/VigoConventionBureau</a>	2.839
<a href="https://twitter.com/VigoCB">https://twitter.com/VigoCB</a>	2.536
<a href="https://www.facebook.com/FlyToVigo/">https://www.facebook.com/FlyToVigo/</a>	672
<a href="https://twitter.com/flytovigo">https://twitter.com/flytovigo</a>	1.460
<a href="https://es-es.facebook.com/vigofilmoffice">https://es-es.facebook.com/vigofilmoffice</a>	1.472
<a href="https://twitter.com/vigofilmoffice">https://twitter.com/vigofilmoffice</a>	1.437
<a href="https://twitter.com/visitcies">https://twitter.com/visitcies</a>	1.095
<a href="https://www.facebook.com/Visitciesislands/">https://www.facebook.com/Visitciesislands/</a>	610
<a href="https://www.instagram.com/visitciesislands/">https://www.instagram.com/visitciesislands/</a>	1.037
<a href="https://www.linkedin.com/in/vigocb/">https://www.linkedin.com/in/vigocb/</a>	497



#### Capturas das RRSS da Fundación Vigo Convention Bureau

Mantense a procura periódica de perfís de interese aos que seguir para establecer sinerxias con empresas e entidades do sector ou profesionais do mesmo que poidan aportar un valor engadido ás nosas redes.

### 2.4.3. - LISTAS DE DISTRIBUCIÓN PARA PROCESOS DE COMUNICACIÓN

Para axilizar e protocolizar os procesos de información diarios, actualizamos e ampliamos unha serie de listas de distribución.


#### LISTAS CREADAS

- *Patróns*
- *Hoteis*
- *Prensa*
- *Socios*
- *Congresos*
- *Clipping*



### 2.4.4.- ELABORACIÓN CLIPPING DE PRENSA

Diariamente procédese á selección de noticias para a ceación dun clipping de prensa. As noticias son tanto locais como nacionais e internacionais, prestando especial atención aos asuntos que son máis próximos e afectan en maior medida aos nosos socios.



Este resumo de novas sirve de base para a análise da actualidade e a programación de redes sociais por parte do departamento de comunicación.


Cada mañá o clipping envíase aos socios e colaboradores da Fundación e procedemos ao arquivo na nosa base de datos das que consideramos máis importantes.

## 2.5.- COLABORACIÓNS E XESTIÓN DE PROXECTOS

### 2.5.1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ILLAS CÍES

O 17 de agosto de 2022, firmouse un ano máis o Convenio de colaboración entre a Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo e a Fundación VCB para a promoción das Illas Cíes como destino turístico e accións conducentes á declaración das mesmas como Patrimonio da Humanidade.

Dentro do contexto da elaboración do expediente de presentación da candidatura a Patrimonio da Humanidade das Illas Cíes, o Concello de Vigo debe levar a cabo unha serie de accións de difusión e marketing. Estas tarefas de concienciación e información á poboación, son fundamentais no proceso de presentación e acompañamento da candidatura, xa que poñen en valor ás Illas Cíes e dan forza á candidatura cara acadar a súa catalogación como Patrimonio da Humanidade.



Este ano pasado dentro do apartado da promoción turística da cidade incluíronse varias accións para a promoción do turismo cinematográfico, que foron desde a creación dun Vídeo promocional, a realización dun Famtrip de localizadores ata a celebración dun concurso de microcortos.

A Fundación foi a encargada da execución das accións do **Anexo I** do presente convenio, que tivo como data de finalización para a súa execución o 31 de decembro de 2022.

Dentro das accións a desenvolver están:

- Coordinar e supervisar as actividades-accións do proxecto.
- Coordinar e preparar o Plan Operativo do proxecto seguindo as directrices do Convenio.
- Coordinar e supervisar a administración dos recursos.
- Coordinar a execución do proxecto coa concellería de Turismo do Concello de Vigo.
- Dirixir, coordinar e supervisar as actividades das empresas implicadas.
- Elaboración e xestión do orzamento.
- Elaboración de informes periódicos de seguimento.
- Elaboración de memorias de actuación e económicas.
- Participación nos xurados dos concursos.

### 2.5.2 - RENOVACIÓN CERTIFICADO SICTED

Un ano máis procedeuse a renovar o selo SICTED<sup>4</sup>, programa desenvolvido pola Secretaría de Estado de Turismo, que ten como finalidade a xestión integral e permanente da calidade nun destino turístico, este certificado xorde da necesidade de dar unha solución capaz de xestionar integramente a calidade nun destino turístico, co obxectivo principal de lograr un nivel de calidade homoxéneo nos servizos ofrecidos os visitantes e turistas, englobando tanto os servizos turísticos propiamente devanditos como aqueloutros que, sen selo estritamente, inciden no itinerario de consumo do turista.

Para a renovación de este ano procedeuse a:

- Auditoría de control e seguimento.
- Plan de Formación.
- Plan de Mellora.
- Elaboración Informe de calidade.



Pablo Cameselle Martínez

Xerente Fundación Vigo Convention Bureau

---

<sup>4</sup> Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos